

AXUDAS PARA ADQUIRIR MATERIAL ESCOLAR

[ORDE do 10 de maio de 2023](#),

DOG Núm. 94 do 19 de maio.



Prazo de presentación: do 20 de maio ao 21 de xuño (este incluído)

A quen vai dirixido?:

Axudas para material escolar: Alumnado de 1º, 2º, 3º e 4º de ESO que cumpra os requisitos económicos establecidos na [orde do 10 de maio de 2023, DOG do 19 maio](#).

Ao participar o centro no proxecto de educación dixital ([E-DIXGAL](#)) o alumnado no canto de participar no fondo solidario de libros de texto, recibirá un ordenador portátil que terá ao seu dispor para traballar con recursos dixitais gratuítos (libros dixitais, actividades interactivas, etc.) Non obstante, terá dereito á axuda para adquirir material escolar.

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica nos [formularios normalizados](#) dispoñibles na aplicación informática [«fondolibros»](#) a través da [sede electrónica](#) da Xunta de Galicia,

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente nos centros docentes ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

No caso de querer presentar a documentación persoalmente no centro, poderá solicitar cita previa no teléfono 881 86 64 74 co fin de axilizar a presentación.

As persoas con cita previa e antes da entrada deberá comunicarse coa conserxería a través do vídeoporteiro. Non se permite á entrada libre ao centro.

As solicitudes que non se puidesen validar por estar presentadas fóra de prazo, por falta de emenda das deficiencias da solicitude e/ou da documentación quedarán excluídas.

Toda a información relacionada coas axudas: listaxes de persoas, datas de entrega de vales para adquirir material escolar, ... será publicada periodicamente na web do centro segundo o establecido na [Orde do 10 de maio de 2023](#).

Máis información: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iescacheiras/>

